

Le este texto e, despois, contesta ás preguntas que se formulan sobre el.

“The Guardian” elixe a praia das Rodas nas Cíes a mellor do mundo.

Ademais de valorar a súa tranquilidade e a transparencia das súas augas, o rotativo británico non se esquece do marisco e da zona de acampada.

A praia das Rodas (nas Illas Cíes) pertence aos areais do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

“Unha media lúa perfecta de area suave, pálida, acompañada de pequenas dunas que abrigan unha lagoa tranquila de mar cristalino”. Así define a praia de Rodas nas illa Cíes o xornal *The Guardian* nun artigo sobre as dez mellores praias do mundo no que o areal galego ocupa o primeiro posto.

No top 10 das mellores praias do mundo, *The Guardian* tamén inclúe areais de Colombia, Brasil, Filipinas, Tanzania, India, Australia, Reino Unido ou Escocia.

Porén, ningunha supera a praia de Rodas, que ocupa a primeira posición da lista por méritos propios.

Galicia Hoxe, 19-2-2007 (adaptación)

1. a) ¿Onde está a praia da que se fala na noticia?

.....

b) Di o artigo que esa illa “ocupa a primeira posición da lista”. ¿A que lista se refire?

.....

2. a) Menciona dous deses “méritos” que lle permitiron á praia estar no primeiro lugar da devandita lista.

.....

.....

b) ¿Que é The Guardian?

.....

3. a) Rodea os sinónimos de rotativo:

roda xornal circular periódico diario suscritor

b) Busca no texto e escribe tres palabras que se refiran a lugares onde hai moita area.

.....

4. ¿En que sección do xornal cres que se publicou esta noticia? Rodea a sección e razoa a túa resposta:

internacional local deportes nacional economía cultura

.....

.....

.....

5. Indica como aparecerían no dicionario os seguintes verbos e escribe as súas definicións coas túas palabras: *abrigan, define, ocupa.*

.....

.....

.....

6. Subliña as preposicións con vermello, e as conxuncións, con azul:

- Non me bañei porque a auga estaba moi fría.
- Fixeron un documental sobre as illas Cíes.
- Se miras cara a arriba verás unha chea de estrelas.
- Vou ata o faro pero volvo enseguida.

7. Sinala, dos grupos de palabras subliñadas, as que funcionan como CD ou CI e logo substitúeos polo pronome persoal correspondente. Reescribe as oracións contraendo e colocando correctamente os pronomes.

-Non puido entregar os poderes ao embaixador por chegar tarde á toma de posesión.

-O tendeiro cobrou (a ti) os garavanzos moi caros.

-Debeu ser a porteira a que subiu os paquetes para Paco e para ti.

-Cónteme todo o asunto sen esquecer nada!

8. Escribe en plural as seguintes oracións:

-O cráter daquel volcán tiña cando menos dous quilómetros de diámetro.

-O albanel está a piques de rematar a obra.

-No xardín da casa do edil canta un pardal.

-Para a miña empresa necesito unha persoa versátil.

9. Analiza sintacticamente as seguintes oracións:

Meu pai mercou un coche novo en Silleda.

A avoa Pilar sacou uns disfraces vellos do roupeiro para todas as rapazas.

10. Analiza morfoloxicamente:

Estevo e mais eu decidimos ir ao cine para ver a película de Harry Potter.

Compramos as entradas, pero o proxector avariose e marchamos á casa coas mans baleiras